## *Incipit* melódico

Sucesión de números (**romanos** e/ou **arábigos**) separados por **espazos**, que representan os graos da escala. O 1 é sempre a nota final, que nas transcricións de música vocal é por convención sempre *sol* en segunda liña (ver guía de Ámbito). Nas transcricións de música instrumental procuramos respectar a tonalidade na que está afinado o instrumento, tendo en conta que a velocidade de reprodución da gravación puido resultar alterada, facéndoo do mesmo xeito a altura absoluta á que escoitamos a dixitalización dela.

Non se ten en conta a estrutura interválica da escala, ao igual que no campo das cadencias, senón que se cifran os graos sen ter en conta a súa distribución en tons e semitóns. Escribimos todas as notas do 1º verso musical, teña este 6, 8 ou outro número delas, aínda que se poden facer buscas coas -por exemplo- 3 ou 4 primeiras notas.

Exemplo 1 (MUS 28):
*Incipit* melódico: 5 5 5 5 4 3 2 1

MUS 28




Exemplo 2 (MUS 30):
*Incipit* melódico: 1 VII VI V 1 2 3 3

MUS 30




Se introducimos o íncipit: 5 5 5 5, sairán as cancións que comparten ese comezo melódico.

Exemplo 3 (MUS 6):
**5 5 5 5** 6 7 8 7

MUS 6




Exemplo 4 (MUS 23):
**5 5 5 5** 6 7 8 5

MUS 23

